

RESUMO DO PROTOCOLO COVID DO IES ALEXANDRE BÓVEDA

O USO DA MÁSCARA SERÁ OBRIGATORIO PARA ALUMNADO, PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE.

1. NORMAS XERAIS

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible con Covid-19 o alumnado e resto do persoal docente e non docente non acudirá ao centro.

No caso de que a sintomatoloxía se presente dentro do centro, este conta cun espazo de illamento situado na planta baixa, no corredor de dirección, perfectamente sinalizado, e dotado do material necesario.

- Cada aula disporá de xel hidroalcohólico, limpador desinfectante, panos desbotables e papeleira con tapa accionada mediante pedal.
- É obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das aulas e do centro.
- Todos ou pupitres ou mesas colocaranse en liñas mirando cara a dirección do posto do/a profesor/a.
- Cada alumno/a terá un posto fixo dentro da aula.
- Uso de máscara obrigatorio (máscara cirúrxica ou que cumpla a normativa legal vixente)
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. No propio pupitre existe un espazo para o material de cada alumno/a e non pode ser manipulado por outros compañeiros/as.
- Cando sexa necesario usar material común deberase desinfectar finalizado o seu emprego.
- As aulas ventilaranse frecuentemente, obrigatoriedade nos cambios de clase (10 minutos) e nos recreos. Sempre que a climatoloxía o permita, as fiestras permaneceran abertas durante as horas de clase.
- Cando o alumnado abandone a aula (recreo, desprazarse a outra aula ou finalización do horario lectivo) debera facelo de xeito ordenado e non permanecendo nos corredores máis que o tempo imprescindible. As mesas deberán quedar recollidas e limpas, polo que o profesor/a deberá interromper a clase 5 minutos antes de que toque o timbre para realizar as tarefas de limpeza.
- Utilizaranse desinfectantes para a limpeza de superficies ou materiais como dilucións de lixivia (1:50) preparada en auga ou calquera dos desinfectantes que se atopan no mercado debidamente autorizados e rexistrados.
- O alumnado non pode facer ningún tipo de recado polo centro excepto que sexa imprescindible.
- O alumnado non pode estar polos corredores sen permiso e poderá acudir ao baño con permiso e de xeito individual.
- Ao finalizar as clases, o alumnado deberá deixar a mesa limpa e a cadeira enriba da mesa para facilitar a limpeza da aula.
- Nos cambios de clase o alumnado debe permanecer no seu sitio na aula, non podendo saír aos corredores nin estar na porta de clase.
- Recomendase que o alumnado traia xel hidroalcohólico para uso persoal.
- É necesario traer unha máscara de reposto.
- No caso de que o alumnado presente síntomas compatibles con Covid 19 non deberá acudir ao centro. É responsabilidade do alumno/a e da súa familia realizar a diario, antes de acudir ao centro, a enquisa de autoavaliación clínica do Covid-19.
- O non cumprimento das normas establecidas para a aula ordinaria e para o resto dos espazos do centro implicaran a aplicación de medidas modificadoras da conducta dependendo da gravidade, intencionalidade e reincidencia, previo informe as familias.
- Ningún alumno/a poderá entrar no centro sen máscara, que deberá traer da casa. Ante calquera incidencia o centro proporcionarlle unha.



2. CANLES DE COMUNICACIÓN PARA DAR A COÑECER AO EQUIPO COVID OS CASOS DE SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE CO COVID 19

Familias:

- Teléfono do centro: 986292812
- Correo do centro: ies.alexandre.boveda@edu.xunta.gal

Persoal docente e non docente:

- Teléfono do centro: 986292812
- Correo do centro: ies.alexandre.boveda@edu.xunta.gal.

Tanto alumnado como profesorado e persoal non docente deben comunicar ao equipo COVID os resultados das probas en caso de presentar sintomatoloxía.

3. MEMBROS DO EQUIPO COVID.

Cristina Barrio Suárez	Cargo	Directora
Raúl Ferreiro Seoane	Cargo	Secretario
Juan Romero Iglesias	Cargo	Vicedirector

4. TITORÍAS COAS FAMILIAS

Serán, preferentemente, **non presenciais**.

Os medios para este tipo de titorías serán vía telefónica, videoconferencia, correo electrónico e Abalar móbil.

Se non é posible facelo de forma non presencial será imprescindible solicitar cita previa; acudirá so un membro da familia; cumpríranse as normas de hixiene establecidas no centro; cando nalgunha destas reunións sexa necesario revisar algunha proba escrita avisarase con antelación para poder facer unha copia e evitar a manipulación conxunta.

5. ENTRADAS E SAÍDAS

O alumnado accederá e sairá do centro por dúas portas diferentes, asignadas previamente a cada grupo, para evitar aglomeracións.

- **Porta 1, entrada principal pola Rúa Cuntis**
- **Porta 2, entrada Rúa Pontecesures**

O alumnado transportado accederá ao centro antes da hora de entrada e permanecerá baixo a vixilancia do profesorado de garda.

A entrada e saída farase mantendo as normas de seguridade: con máscara, non permanecendo nos corredores e evitando as aglomeracións.

Non se permite o acceso ao centro das familias, deberán esperar aos alumno/as fora do recinto escolar salvo casos excepcionais.

Corredores e escaleiras: dous sentidos e sempre pola dereita.

Fará uso do elevador aquelas persoas que o precisen por motivos de mobilidade, deberán viaxar soas, sempre que sexa posible, e usando máscara.

6. NORMAS PARA O CAMBIO DE AULA

- Cando un grupo de alumnos/as deba cambiar de aula deberá facelo seguindo a ruta deseñada para cada grupo e sempre pola dereita do corredor.
- Avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado. A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.
- Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.
- Cada alumno/a ocupará o sitio que lle indique o profesor/a.

